

San Rosendo e a Serra de San Mamede

ELIGIO RIVAS

En *Celanova Ilustrada* repite Fray Benito de la Cueva que o territorio en que se ubicaba *Villare* pertencía a Don Hermenexildo, pai de Don Guterre e polo tanto avó de San Rosendo. Así (p. 345): «Vitiza, caballero principal de Alfonso III, rebélase contra el rey, y vencido por el conde Hermenegildo, abuelo de San Rosendo, el rey le da las tierras de aquel, entre las que está la villa de Villar.» Esas terras deberon de comprender todo, ou garn parte, do curso do Río Arnoya.

É probabelmente desde entónces que a familia radica no veciño burgo de Vilanova. Coido ter probado en sendos artigos: «A familia rosendiana, principio de nobleza» (1), e «Historia en torno ò Santuario dos Milagres» (2), que o dito por Benito de la Cueva está apoiado por documentos do Tumbo do Mosteiro de Celanova. Ese legado, no que respecta ò espazo aludido, viuse grandemente incrementada por doazón de outras terras na cabeceira do Río Arnoia.

Imos recoller agora o tema, e ascender o esqueiro terminal à Serra de San Mamede, descubrinto a importancia que tivo outrora na vida relixiosa, social e económica, precisamente dende San Rosendo.

1- A ERMIDA DE SAN MAMEDE


No punto máis alto da Serra, na cúspide apar do fito xeodésico dos 1618 mestros de altura, érguese dende tempo inmemorial, unha ermida que está lonxe de ser vulgar, intrigante ademáis polas súas orixes, e interesante pola súa historia.

A descrición que dela imos faguer básase nos elementos atopados nas ruínas cando aínda non foran expoliadas. Cando aínda os medios de comunicación modernos, os vehículos de motor, non acadaran aquelas alturas.

Son os atopados por don Francisco Conde-Valbís Fernández na exploración que alí fixo na dieza de 1940. Ademáis dos sillares da construción, atopóu unha boa cantidade de cerámica de distintas épocas,



Fig.1 Ermita de S. Mamede.



revolta coa terra en torno; cerámica de uso caseiro, tella da cuberteira e sobre todo lousiñas de retellar, de pizarra.

Esta ermida mantívose en pé por centas de anos, namentras dependeu do Mosteiro de Monterramo, en maus dos monxes do Cistel. Dela se fixeron cargo axiña que asitiaron à beira do Río Mao. Sabémolo por unha Bula pontificia do ano 1163, do papa Alexandre III, na que se cita entre as súas pertenzas: *eremitam in cacumine montis*.

De vez en cando, había algún monxe que subía à serra, e alí, nela, facía penitencia e meditaba en absoluta soedade, naquelas alturas de afastados horizontes.

A ubicación no cume da serra, sen defensa algunha ò ventimperio da inverniá, é a razón de que case tódolos anos cumprise reparar polo menos o tellado da ermida. Hai que ter en conta que as temperaturas poden baixar òs 40° graos centígrados baixo cero, e a velocidade do ventarrón acada a miudo máis dos 100 kms. de velocidade. Mostra plástica do dito é a fotogtafia que do ano 1996 presentamos.(fig. 1).

Así as cousas, compréndese a frecuencia coa que nas contas do mosteiro de Monterramo aparecen obreiros reparando na ermida, e a súa ruina òs poucos anos de non ter esta necesaria atención. Coma exemplo, sacado de un «Libro de Cuentas de Obras del Monasterio de Monterramo» (2), temos:

«Años de 1603 y 1604: Diose a un cantero para la hermita de San Mamed cuatro ducados. Diose a dos oficiales que dieron recado al maestro, en la hermita de San Mamed, doce reales.

Anduvieron dos aserradores en la sierra de San Mamed, aserrando madera para la hermita; dióseles por cuatro días cuatro reales. Diose a dos carpinteros que pusieron el maderamen a la hermita de San Mamed, y la teja, cuatro ducados, y a cuatro peones que les ayudaron, doce reale Año de 1633, Costó reparar la hermita de San Mamed, de solo manos, treinta y siete reales.

Año de 1634. La ermita de San Mamed estaba caída y enrederçola el señor Gaspar Martínez; puertas, retejar, cal y otras cosas. Costaron ciento y cincuenta reales, y de andereçar el Santo se gastaron ciento y veinte reales.

Año de 1649. San Mamed. Hundiose esta hermita y de levantar un pedazo de pared y de cubrirla toda, costó de manos, cuarenta reales.

De diez moyos de tejas (mil tejas) a cuatro reales para San Mamed, y para el maestro, 50 reales.

Para **estofar el Santo** y aderezar la hermita, ascendió la cosa a veinticinco reales».

Coido ser de abondo esta referencia pra nos dar de conta da ininterrumpíbel intervención na ermida de San Mamede, perante os sete longos séculos baixo dirección do mosteiro de Monterramo. De certo que de tellas abaixo non supuña máis ca unha costosa carga e entrequedente encomenda.

Mágoa non termos à mau a abundosa documentación do Mosteiro de Monterramo, xa transcibida hai ben anos, mais aínda sen sair à luz; nela teríamos

sen dúbida moita información da ermida de San Mamede e do seu entorno, nos escuros séculos medievais.

Do século XVI temos, polo ano 1550, a estimábel referencia do Licenciado Molina, que, se falta de lirismo, noticiosa é, e realista, tanto que semella ter el mesmo asistido ó lugar, e falar coma testemuña de vista, cando di, aclarando os seus versos, de «la romería destes enfermos..., hay aquí mucha gente...».

En verso llano, rimado, é:

*«También notemos, pues no se me olvida,
la vida del santo Mamed que, mamando
leche de brutos, con esto ayunando,
hizo su santa y monástica vida,
que fue en una sierra bien alta y subida
que está, como aquella que es junto a Granada,
los más de los meses del año nevada,
por donde su vida en más fue tenida.»*

No mesmo século, ano de 1572, outro andaluz, Ambrosio de Morales, no seu percorrido por Galicia en procura de «reliquias de Santos» pro Real Monasterio del Escorial, anotando Sepulcros Reales y Libros manuscritos de las catedrales y Monasterios» (3), visita o mosteiro de Monte Ramo, do que di:

«Monasterio rico y principal del Cister, tres leguas del pasado (de Xunqueira de Espadanedo), en tierra que llaman... de Celdas junto a la Sierra de San Mames... La data del Privilegio es en Agosto año de 1126. Los Reyes siguientes de Castilla confirmaron y dieron de nuevo mucho. ... Junto a este Monasterio está la Sierra de S. Mames: allí está una Ermita de S. Mames que comunmente llaman de Sanmamedes, mas no hay Cuerpo Santo, ni memoria del, ni de cosa de las que en la Chronica de Galicia estan escritas de esta Sierra, y Ermita: y S. Mames fue de Cesarea en Capadocia»

No ano 1660, Frai Pedro de Santa María (4) fala de San Mamede da Serra, e aínda que inspirado en falsos cronicós coma o de Huerta, non deixa por elo de ser unha referencia e testemuño da realidade existente: «en la Sierra de San Mamed, de las más altas y agrias de Galicia, y lo más del año está cubierta de nieve... Hace muchos prodigios Dios en los que acuden a visitar su ermita, pero respecialmente es abogado de los quebrados».



Fig.2 Serra de San Mamede.



O sésego en que se ergue a ermida de San Mamede coñécese en San Cosme de Monterramo por A Chaira, cume superior de toda a Serra (fig. 2), onde houbo asegún algú un pequeno castro, de certo humanizado de algú xeito en tempos remotos.

Entre os elementos atopados nas ruínas, apareceu, esculpado nun perpiaño, un gran ofidio, o que supón prácticas ofiolátricas precristiáns.

A ermida a pesar dos derrumbes ò longo de séculos, acaba o primeiro terzo do século XIX en pè polos coidados dos monxes. O golpe definitivo chégalle coa fatídica exclaustración e desamortización de Mendizábal no ano 1835.

Dende aquela xa non houbo quen dela botase mau; a ruína for en aumento deica o esborrallamento ser total. Nos primeiros anos é o tellado, logo o madeirame, que derrubado e apodrecido, servíu de pábulo do lume ò que quentarse pastores e cazadores na crúa invernía, ò abeiro das núas paredes. O ventarrón serrano tumaría mesmo parte destas, e o resto, asegún testemuño de persoas maiores na primeira metade do XX, faríano os mesmos pastores, indo parar non poucoa dos pedrolos ò fondo dunha sima cercana deica cegala.

2- A PLANTA DA ERMIDA

Nos anos de 1940 o que alí había non era máis ca ruínas, menos mal que con tódolos materiais arquitectónicos sinificativos aínda no lugar. Foi nestes anos cando D. Francisco Conde-Balbís Fernandez, sempre atento a descubrir e conserva-los restos e a memoria do noso pasado, fixo cos seus medios unha exploración do lugar.

Os muros conservaban dúas filadas de sillares orixinais, e foille doado representa-la planta primitiva. Do arco trunfal derrubado estaban as dovelas e clave confundidas con outros materiais, todo revolto, e pola mesma as do arco da portada de entrada.

Por mor de salvas, a lombo de mulo baixou as pezas principais do arco trunfal: basas, capiteis e ménsulas, primeiro deica a Teixeira; logo de aquí a Valverde de Allariz en carro de bois. Alí, abeirando un cruceiro en forma de dúas columnas simplificadas, estiveron custodiadas dentro do cerre da súa propia casa, deica ser posíbel e oportuno devolvelas à Serra.

Digo que se salvaron gracias à previsión e coidado de D. Francisco Conde-Balbís, xa que, as dovelas estreladas que aínda nos anos de 1950 puidemos ollar alí, en canto os medios de locomoción de motor puideron chegar ò cima, desaparedieron sen deixar xinquera rastro. De seguro que nalgures estarán adornando algú chalet indebidamente. Do seu lindo adorno en rosetas estreladas, fica o que se pode ver nas ménsulas. Incluso outras pezas sen molduras se dispersaron; algunha atopamos abaixo no Val do Medo, outras ò pè da torre de control dos Petarós, e algures máis.

Cos elementos à ollo, e despois de tomar tóda-las medidas oportunas, o dito arqueólogo deixounos o croquis exacto da planta, o deseño do arco trunfal e a alzada da

primitiva ermida. É do que nos valem agora, ademais de constatar as medidas da planta por nós mesmos, na nosa descrición da que foi capela de San Mamede.

É unha planta de nave única; un rectángulo de 8.40 de longo por 6.55 de ancho, interrompido na parte frontal por oco de 1.21, que constituía a porta de entrada, única. Na cabeceira do rectángulo aparece a planta do presbiterio, de 2.40 de largo por 3.35 de ancho. Tendo en conta o acnho de 0.80 dos muros, o espazo útil era de 2.25 de ancho por 2.40 de largo no presbiterio; o interior da nave, de 6.80 de largo por 4.95.

A planta da ermida de San Mamede, na Serra epónima do Macizo Central, é indiz e sinal dunha construción típica de templo prerrománico, en perfecto equilibrio as súas partes e mensura. Coido non ser o que F. Conde-Balbís di: «El plano de esta capilla nos dice, a nuestro pobre entender, que su primitiva construcción fue visigótica». Non, senón inmediatamente posterior, do século X, o que indirectamente se ve apoiado por documentos daquela aínda descoñecidos, que ollaremos.

A planta, acorde coa súa construción no século X, é comparábel à da capela de *San Salvador de Samos*, Lugo (Fig. 3). Paréceme de interés a este respecto citar o texto do profesor Izquierdo Ferrín (5), falando de «Construcciones de nave y capilla únicas», e das características que as distinguen.

«La planta más simple utilizada por la arquitectura gallega del siglo X estaba formada por una corta y única nave que remataba en un pequeño presbiterio rectangular; habitualmente ambos espacios se cubrían con techumbres de madera apoyadas directamente sobre los muros. Era pues un sencillo esquema surgido y empleado con anterioridad, que no planteaba problemas arquitectónicos y permitía el aprovechamiento directo e inmediato de los materiales existentes en cada lugar. Aunque hoy este tipo de iglesia apenas se conserva, parece que en su momento debió de ser de los más utilizados por su sencillez y fácil construcción. A él pertenecen los problemáticos restos de la iglesia de Loyo, la capilla de Samos...»

A capela citada, de San Salvador de Samos, foi erguida no século X polo veciño mosteiro de San Xulián de Samos, Lugo, coma oratorio de seu, con culto propio. As notas de sinxeleza e austeridade que nel se ven, acaban plasmándose logo na arquitectura cisterciense coma unha constante distintiva.

No estreito espazo do presbiterio descrito, da ermida de San Mamede, estaría a pequena mesa de altar co seu retabuliño nalgún tempo, presidido pola estatua de




Fig. 3 Plantas de San Mamede
S. S. Samos.



Fig.4 San Mamed.

San Mamede, que a vulgar polo dito no libro de Contas do ano 1649 (... *'Para estofar el Santo'*), tal sería de madeira policromada. Non sabemos que fiquen sinais dela nalgures, nin qué camiño levóu.

Da que si sabemos é da tallada en pedra, que supoño substituiría à de madeira no século XVIII. Cómo foi para ter que substituíla, e polo tanto tamén do retábulo, non o sabemos. Tampouco en qué medio se expuxo à veneración dos fieis, que necesariamente tivo que ser cunha base de pedra. Quizáis practicando un pequeno nicho no ancho do muro en cabeceira, como está agora.

Trátase dunha pesada escultura barroca nada estilizada, máis ben tosca, en parte debido ò meterial en que se talla: àspera pedra grá nativa. O santo aparece representado na versión de ermitaño barbado -noutros sitios aparece coma mártir que tamén foi-, cun baloco ou pau de moca nunha mau; òs seus pes o lobo amansado que se estira erguido,

coa lingua fora coma querendo bicalo. Din os maiores, que o coñeceron máis completo, que tiña un pico de canteiro na outra mau. Esta estatua pétreo leva moitos anos, de seguro que máis de un século, nunha trasteira da eirexa de San Cosme de Monterramo, rotos os brazos polas monecas e sen o tal pico.

Tallouse e esculpiuse da rocha viva que a escasos metros ollar se pode no cume da Serra; é tamén na que se mourean os pequenos perpiaños e sillares de que se ergueron as paredes da capela. De feito, supervisando os arredores, a escasos 200 metros aínda se pode ollar algunha cuñeira que non chegou a usarse; desas rochas en superficie foi que levaron a xorro en corza ou narria todo o material, os primeiros constructores da ermida de San Mamede.

É natural que todo o material de construción fose dos arredores no cume da serra, se temos en conta a gran dificultade que daquela -e a aínda hoxe- había pra chegar ò lugar; vémolos sempre que còmpre realizar arrenxos en séculos vindeiros, como a recadén se di: «Anduvieron dos aserradores en la sierra de San Mamed, aserrando madera para la hermita. ... dos carpinteros ... pusieron el maderamen a la hermita de San Mamed». Pedra e madeira, pero tamén a súa cubrición orixinaria, que era de laxas de pizarra, da que ben cerca se ven grandes e afiados esquistos, coma nos Penedos Afitados.

É de supoñer que nos grosos muros, a entrámbalas dúas partes do pequeno altar, houbese senllas lacenas de servizo, e quizáis algunha estreita saeteira que permitise a circulación do aire, evitando a condensación da humidade dentro do templo.

3- ALZADO E ARCO TRUNFAL DA ERMIDA

Se a planta da ermida de San Mamede non sofre alteración algunha ò longo do tempo, non sucede o mesmo co seu alzado e paso da neve ò prebiterio. Pola descrición feita da planta vese que o paso da nave ò prebiterio non era máis ca o oco natural determinado polo alzado perpendicular e recto dos muros nas ombreiras, todo cuberto polo madeirme, trabes e pontós coma en calquera casa familiar. Por riba do madeirame a lata, e sobre desta a pizarra.

O arco da portada era de dovelas e clave lisas, gran parte delas aproveitadas na recente reconstrución. Francisco Conde-Balbís di que na dovela clave deste arco -e agora non temos dado coela- aparecía, riscado, o deseño que aquí copiamos. Algo querería sinificar, pero polo momento non sabemos descodificalo.

Con todo, à vista dos elementos conservados, podemos concluir con seguridade, que en etapa moi temperá, quizais xa a pouco de chegaren os cistercienses ò mosteiro de Santa María de Monterramo, e de encomendarlles o coidado e atención da ermida de San Mamede, pensaron en trasforma-lo paso ò prebiterio, engrandecéndoo co novo estilo románico. Sería arredor do ano 1170, elevando un arco sobre capiteis e colunas.

Na montoneira de pedras derruídas, como xa dixen, atopáronse nos anos de 1940 tódalas pezas, dovelas e clave, do arco trunfal de paso da nave ò presbiterio, e as dúas ménsulas; un elegante arco de arquivolta decorada con rosetas estreladas, o mesmo cas dúas ménsulas en que se apoiaba. Un arco de medio punto elegante e lixeiro, que evidencia mau distinta do pesado e volumoso dos capiteis en que descansa.

Apoia o arco de cada lado en súa basa ò xeito de grandes dados, sobreposta unha moldura en toro co inicio da columna, dando a pauta pro que faltaba.

Pequenas colunas adosadas, coroadas por sendos capiteis igualmente adosados ò muro machón. Son dous macizos capiteis de lazos, un deles adur se un cordón con borlas, o outro de entrelazos coma iniciando labor de cestería. Deste vense prototipos máis perfectos en Siria, e cabe a posibilidade que dalí viñese coa devoción ò santo anacoreta e mártir Mamede.



Fig.5 Arco e alzadeo (Conde – Balbis).



Debuxo unha dovela, clave do arco.




Fig. 6 *Pia da auga bieita.*



Fig. 7 *Ruínas da capela, anos 1940.*



Fig. 7a *Capiteles de San Mamede.*

Os capiteis, escultrados en áspera pedra grá da Serra, resultan toscos, primitivos, coma dos inicios do románico.

Sobre dos capiteis hai senllas ménsulas, elegantes, menos pesadas, con banda estrelada acorde coas dovelas do arco, todo claramente escultrado por unha mau máis experta cà dos capiteis. Sobre das ménsulas érguese este arco de medio punto, formado por 8 dovelas, máis a clave 9, en cuia parte inferior dianteira amosan, como dixemos, en xeira continua, unha banda estrelada de rosetas de catro follas con botón central.

O conxunto resulta harmonioso; aínda que pesado na parte baixa, elegante e lixeiro na alta, no que é arco propio.

Entre as ruínas apareceu tamén a pia da auga bieita que amosamos (Fig. 6); levouna o que fixo a exploración nos anos de 1940.

Se nos fixamos nas ruínas da capela, nun perpiaño, escultrada, hai unha cruz de brazos iguais, ancorada, non atopada à hora de reconstruír a capela. Posta nos muros nalgunha reconstrución do século XVI, coidamos pode ser un indiz case seguro da intrusión do poder laico na vida do mosteiro de Monterramo.

Cando se poida escribir a historia completa, máis detallada, do mosteiro, do Renacemento en diante, poderase saber qué comendatarios o andiveron azoroñando, entrometéndose nas súas pertenzas. ¿A cruz que aparece nun dos cuarteis do escudo dos Pereira?

Falando da súa exploración na antiga ermida, díxonos D. Francisco Conde-Balbís nos anos 1960, que daquela -na dieza de 1940-, atopara entre as ruínas unha

lápida de mármore con inscrición en letra visigótica. Presente alí un membro da familia Parada Justel, dona da parte da Serra que fora do Mosteiro de Monterramo, reclamouna para si coma propia. Por moito que temos feito por dar coesa lápida, as nosas pescudas teñen resultado de todo infructuosas. E sería de moita importancia saber da súa lectura, pois de seguro que falaba dos principios da ermida, e posta alí precisamente en memoria do seu fundador.

4- OFIDIO NAS RUÍNAS DE SAN MAMEDE

De gran importancia prà interpretación e cronoloxía da ermida de San Mamede, foi o achádego nas ruínas, à hora de reconstruíla, dun perpiaño regular no que nidio se ve un ofidio, cortados nos extremos de cabeza e rabo.

Ben resaltado, o ofidio é de 0.04 de grosso, non podemos saber cánto sería de largo. O valor semántico da súa presenza aquí, nos aspectos arqueolóxico e sinifcativo, é moi grande. A súa presenza en lugar tan arredado, suxire unha dobre cuestión, que nos permite plantexar estas proposicións:

Primeira: Que se trate dun lugar adicado a culto ofiolátrico en tempos moi arrecaados, protocéltigos.

Segunda: Que en tempos xa cristiáns se cristianizase o lugar erguendo unha ermida de culto cristián.

Terceira: Que foi esta ermida coa advocación do santo padroeiro nela instalado, o que, sen moito tardar, non somente lle deu nome à Serra de «San Mamede», suplantando o antigo orónimo prerromano, senón que borróu de vez o mito e toda tradición ofiolátrica no lugar, porque de esto non fica o máis mínimo resío.

Non ten outra explicación o feito de aparecer unha representación tal en sitio tan afastado, no cume xeodésico da Serra, a 1618 metros de altura.

A ofiolatría ou culto à serpe, é algo introducido no Noroeste na invasión dos saefes a comezos do milenio anterior a Cristo. Esta e outras crenzas dos nosos devanceiros primitivos tardaron en desinzar do país, como se proba pola *Correctione rusticorum* de S.Martiño de Braga aínda no século VI, condenando esta especie de primitivo *genius loci*.




Fig. 8 Ofidio na Capela do San Mamede.




Fig. 8a) Ofidio no Castro de Cerdeira.



Coma este, resíos palpabeis fican abondosos polo Noroeste adiante. Da *Ofialatría* en Galicia falan longamente (7) Florentino López Cuevillas e Fermín Bouza Brey. A serpe na relixión dos pobos primitivos, o Culto da serpe nas Galias, coma *totem*, coma numen da auga e fertilidade, coma asociada ò culto solar...

Totem sagrado pros celtas, aparece en lendas e graburas de algús castros, coma no de Troña, Mondariz, lenda e inscultura por partida dobre, asociado ò culto solar. No castro de Cerdeira, Xunqueira de Ambía (8) -tamén cerca o culto solar-, ademáis da lenda conservada de alí vivir na Casiña das Mouras un cobrón con alas, este aparece representado nun penedo (Fig. 8.a).

É un dos motivos grabados en antas dos dolmens, estilizado coma nun ubicado en Chan do Monte no Lago Castiñeiras, Marín; e non só en Galicia, que tamén se ve nos dolmens da Bretaña. Incluso aparece no arte cristián; nun canzorro da ousia de Santiago de Allariz, o motivo esculturado é unha serpe. Nos Fornos de Armea houbo unha gran lápida na que se rerepresentaba un ofidio.

Na toponimia son moitos os lugares nos que se relembra esta tradición, aínda que quizáis se non atope sinal algún: Outeiro da Serpe, Coto da Cobra, etc.

5- QUÉN FOI SAN MAMEDE

A distancia no tempo e no espazo, a concomitanza de lendas afíns, e a ubicación no cume da Serra nun lugar tan apartado de todo poboado, fixo que San Mamede chegase a nós pouco menos ca feito un mito.

«San Mamede din, vivíu na Serra, e el mesmo erguéu a súa capela. E iba arrastrando a pedra dende os penedos cercanos cunha parella de corzos, un corzo e unha corza. E un día, o lobo comeulle o corzo, e o Santo castigouno, xunguindoo coa corza pra seguir arrastrando a pedra. E alí vivía, alimentándose do leite daquela corza, e rezando e aínando...»

A lenda é antiga aquí, que xa o Lic. Molino se fai eco dela, pero de tradición moito máis antiga posto que ven do país de orixe do Santo en Capadocia, Oriente Medio, onde nunha fermosa litografía aparece representado no monte, predicando òs animais salvaxes entre os que vivía coma anacoreta, por él amansados. Fig.9.

En boa compañía e atentos, están: o cervo, o lobo, o león... coa mansa ovella... Fig. 9 É a razón de que na súa estatua da Serra se vexa un lobo esttirándose pra lamberlle as maus.

Esta lenda e consellas non se inventaron aquí como digo, nin se trata de «contrabando de santos», senón de universal simpleza popular. O pobo sinxelo, cando non hai novas certas da orixe das cousas, mormente de algo milagroso, non indaga máis, que non sabe; deixa traballar a súa fantasía e imaxina.

Etioloxía popular, à que non son alleos en certos temas, mesmo os «doctos» que ás veces patinan. Que o digan certas etimoloxías. Entón, ben se pode comprender a simpleza popular, sen acusalos do «contrabando» de mala vontade, cousa tan socorrida dos falsos cronicós.

San Mamede escusa de amaños, que ben constatado está todo o que se refire ò seu nacemento, pais, vida e martirio. Ímonos guiar, ò resumilo, por unha biografía ben documentada: «San Mamed de Cesarea», escrita por Delfín Fernández Taboada, Ofm. (9), longos anos misioneiro en Medio Oriente.

Nace *Mamede* (en Galicia tamén *Amede*, *Enemedo*, *Amedio*), o ano 259 en Cesarea de Capadocia, Asía Menor, fora do lar nativo e casa familiar, porque foi dado a luz no cárcere, na cadea, en que os seus pais, pai e nai, estaban presos por non domearse a renegar da súa fé de cristiáns: *San Tedodoto* e *Santa Rufina*.

Ambos e dous de nobre xamea, de liñaxe patricia, fieis e de sanos costumes, a Cesarea foron levados presos dende Plafagonia cando saíu o edicto contra os cristiáns, na persecución do emperador Valeriano. Executa o edicto imperial o gobernador da provincia, Fausto, por negarse a dar culto òs falsos deuses. Axustizado Teodoto, ò pouco tempo nacéu Mamede, e pronto executada tamén a nai, Rufina.

O neno foi recollido por unha señora cristiá, e criado e educado cristianamente. Dise que chamado ‘Mamed’ pola primeira palabra que repetía: *mama*, dirixida á súa nai adoptiva, de nome *Ammia*.

Medra Mamede, e xa rapaz aventaxado de 15 anos, o emperador Aureliano dá comezo ò seu mandato cun edicto de persecución contra os cristiáns. Mamede que xa sobranceaba coma tal, é arrestado e presentado ante o xuíz e gobernador Demócrito. Non puideron dobregalo a sacrificar a Serapis, aínda que con fereza atormentado. Condenado a ser afogado botándoo ò mar, librouse milagrosamente.

É cando foxe ò monte, onde fai vida eremítica en conchouzo por él mesmo erguido, vivindo do seu coidado, pastor dun pequeno rebaño de ovellas, baixando a Cesarea de vez en cando pra repartirle òs pobres. Os mesmos animais salvaxes se lle sometían.

Pero medrando a súa sona, nunha desas baixadas é arrestado, sufrindo feroz matirio en Cesarea (hoxe Kayseri): Metido en forno de fogo vivo, botado às feras no anfiteatro que o lamben, metido no potro..., por fin foi cun tridente desgarrado vivo o seu ventre, sacándolle as entrañas.



Fig. 9 *San Mamede e os animais salvaxes.*



Fig.10 Icono de San Mamede.

Dai o ser santo avogoso de doenzas intestinais. É contemporáneo de San Lourenzo, que tamén sofre martirio parecido baixo o emperador Aureliano. O Martiroloxio romano fai del conmemoración o 17 de agosto, aínda que a súa festa se celebre o día 7. Existe a súa ‘passio’, que é do século IV. Pronunciaron o seu panexírico os santos San Basilio e San Gregorio Nacianceno; no século VI. En Roma, San Gregorio. Magno. Fig.10

6- DIFUSIÓN DA DEVOCIÓN A SAN MAMED

A devoción òs mártires das persecucións romanas inza en Occidente cos milites cristiáns das lexións; os de Oriente, xa dende o século IV, é mormente cos

trafegantes que veñen ò longo do Mediterráneo. No primitivo cristianismo da Galecia exerce un gran influxo, vía Norte de África e de Sur a Norte pola Lusitania, a relixiosidade de Oriente Medio, Asia Menor, e de Siria en particular.

Principal difusor foi San Martiño de Dume ou Braga, que saíndo da súa patria, Panonia en Hungría, imbuído do cristianismo neses países medio orientais, foi o gran cristianizador da Galecia no século VI.

O culto a San Mamede frorece en Occidente xa na Alta Edade Media, cando se lle adica un gran número de eirexas, coma santo titular, no Norte da Península, Francia e Italia, xa no século VI e deica o XII. A catedral de Langres en Francia ten a San Mamede coma santo padroeiro dende o século VIII. Cando máis se difunde no Noroeste é no ‘seculo X-XI, asegún Fr. Ignacio Peña Ofm., director da Revista ‘Tierra Santa’, no Prólogo á biografía citada (9).

É algo a ter en conta, xa que coidamos a ermida de San Mamede de primeiras erguida en pleno século X, como veremos.

A devoción, que axiña inza arredor da Serra unha vez erguida a ermida en honor do Santo, perdura na Serra por máis de 900 anos. Firme e constante dende os comezos, axiña lle dá o seu nome a toda a Serra, esquecéndose de vez o primitivo.

Constátase esta devoción ò Santo no século XVI, como vimos, e así segue deica que no ano 1835 se dá conta do Mosteiro de Monterramo. Abandonada à súa sorte, arruínase a ermida e a devoción ò santo fica somrente no corazón dos coterráneos arredor da serra.

Polo ano 1860, o que daquela era administrador do Santuario dos Milagres, Dr José M^a Martínez Pazos, recolle o legado abandonado, merca unha estatua en atuendo de ermitaño, con un corzo desecado amparado su da súa capa, e, compondo os gozos de San Mamede, comeza a celebrar a súa festa aquí, o día 7 de agosto. (10):

«Gozos de San Mamed ermitaño, que se venera en el Santuario de los Milagros:

*Pobre y sencillo pastor,
que hallaste el bien infinito,
Ruega San Mamed bendito,
ruega por el pecador:*

*Venid todos a cantar,
venid a ver la merced
que Dios hizo a San Mamed,
llamado así de mamar:*

*Venid pues a celebrar
tan distinguido favor:
Ruega San Mamed bendito,
ruega por el pecador:*

*Como el Bautista inocente
desde tu mejor edad,
pasaste en la soledad
vida santa y penitente,
encendido juntamente
de Dios en perfecto amor: ...*

*Despreciaste en la montaña,
que lleva tu nombre ahora,
la pompa deslumbradora
que a los mundanos engaña;
una cueva es tu cabaña,
y es tu palacio mejor: ...*

*Descalzo en áspero suelo,
vas de collado en collado,
tus ojos en el ganado,
tu pensamiento en el cielo,
subiendo en rápido vuelo
tus cánticos al Señor: ...*

*Fue tu sabroso alimento,
en la cueva y las laderas,
la leche de bravas fieras,
que a tu simple llamamiento,
te la daban al momento,
por mandato del Señor: ...*

*Aún cuentan los más
ancianos,
aún guardan en su memoria
esta parte de tu historia,
con la cual muchos mundanos
dejan lo vano a los vanos,
y alaban al Criador: ...*

*Dejas por esta tierra
de envenenadas espinas,
y a la región te encaminas
que la suma dicha encierra,
dando tu nombre a la sierra
donde fuiste morador: ...*

*Sobre la cumbre eminente,
de tu nombre en pobre ermita,
Maned, tu imagen bendita,
puso el pueblo reverente,
y culta y rústica gente
la veneró con fervor: ...*

*Al próximo monte santo,
un esclavo de María
traslada tu imagen pía,
donde se venera tanto,
y del Medo nuevo encanto,
nueva gracia y gran primor*

...

*De tu imagen solio augusto
será siempre esta montaña
venerada en toda España,
y ahora con sumo gusto
tendrá la del varón justo
con predilección y amor: ...*

*Al consagrarte su ofrenda,
confían a tu cuidado,
los pastores su ganado,
los labradores su hacienda,
y cada cual se encomienda
a tan claro bienhechor: ...*

*El ganado y los rebaños
guárdalos tú cuidadoso
de peste y males extraños
y a nós en todos los años,
de la reuma y del dolor: ...*

*Tus paisanos por patrón
te distinguen desde ahora;
guíalos tú con la Señora
al puerto de salvación;
este será tu blasón,
tu mayor gloria y honor: ...»*



No ano 1869 toman a dirección do Santuario os Padres Paúles, que proseguen a celebrar os cultos ò Santo, e no ano 1907 erixen, aquí radicada, a *Cofradía de San Mamede*, da que se conservan manuscritos os estatutos.

Obxeto: «honrar a San Mamed bendito en esta tierra que él primero honró... y favorece con sus prodigios».

A razón que se dá, é que xa tiña altar adicado, «y venir gran número de devotos a venerarlo como en su centro, por la proximidad del monte que lleva el nombre de San Mamed... donde se le ha dado culto desde tiempo inmemorial, hasta que en estos aciagos tiempos ha desaparecido de él todo culto, y hasta la capilla en la cima a la honra del santo».

Existía a cofradía nos anos de 1940, con cédula de ingreso, na que aparece a Novena a San Mamed ‘abogado de los que padecen del reuma’, himno e ralgos biográficos, todo composto polo P. Victor Andueza. Así,

*Santo y sencillo pastor:
que de Dios gozas dichoso,
ruega, S. Mamed glorioso,
por nosotros al Señor:
Te entregamos nuestra ofrenda,
confiando en tu cuidado,
los pastores su ganado,
los labraores su hacienda,
y el reumático encomienda
des alivio a su dolor:
Ruega, S. Mamed glorioso,
por nosotros al Señor:*

7- RECONSTRUCCIÓN DA ERMIDA DE SAN MAMEDE

Como a recadén vimos, a ermida de San Mamede no cima da Serra epónima, fica abandonada, por forza maior, dende o ano de 1835. O resultado foi unha ruina completa, ademáis dende os anos 1960 expoliada, non sendo por algú dos elementos arquitectónicos principais, gardados en Valverde dde Allariz.

A mediados da dieza de 1980 comezamos a pensar na importancia de levantaer a ermida das súas ruinas, coma un ben relixioso, cultural e social que historicamente foi e podía seguir a ser.

Coelo iría tamén aparelado o coidado polo medio ambiente, xa que o cume da Serra, con espazo de lecer á beira da fonte do Santo (orixe máis alta do río Arnoia), con un albergue construído e merendeiros, se trocara nun centro dos máis importantes de disfrute da natureza.

Pro caso, o ano de 1990 creamos a Asociación de «Amigos dos Milagres e San Mamede» - ‘dos Milagres por sé-lo centro de dirección’ -, de tipo cultural, non lucrativa,

convocando a persoas nelo interesadas dos Concellos arredor da Serra San Mamede: Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Maceda, Xunqueira de Espadanedo e Moonterramo. Así, en febreiro de 1991 fica legalmente constituída a Asociación cos seus estatutos.

Entre os seus fins: Ergue-la ermida de San Mamede no cume da Serra, por tan longo tempo esborrallada; restaurar o seu culto celebrando a súa festa e romería cada ano, e ter conta do medio ambiente, non so no sitio, senón en toda a contorna arredor. Sería por medio de charlas e conferencias ilustrativas e de concienciación, sobre todo entre os máis novos. xuventude.

Así foi como demos conferencias no Colexio dos Milagres, Grupos escolares de Baños de Molgas, Vilar de Barrio, Xunqueira de Espadanedo, Maceda, Monterramo...

En orde de acción o primeiro foi ergue-la ermida. Pro caso, aproveitamos cando D. Manuel Fraga Iribarne veu pra Galicia, optando à presidencia da Xunta. Invítámolo ò alto da Serra, e subido a aquela informe morea de ruínas, faleille do seu sinificado pra toda a contorna en tantos séculos idos. Non faltóu algunha bágoa. O caso é que alí mesmo nos prometéu axuda, e coela, axiña, en xullo de 1991, a Empresa Hermanos Carrajo de Verín estaba a obra.

O proxecto era erguer as ruínas xustamente sobre as dúas filadas de pedras que permanecían *in situ*, intocadas dende as orixes, e respetando a cimentación primitiva, que samente foi reintelada.

Denantes de empezar, unha vez clareado o interior, mandóu a Delegación de Cultura persoal especializado que examinara os alicerces e perpiños, de antigo rexuntados con argamasa de cal e area.

Filada tras filada, as paredes foron rubindo, non sen certas entrequedencias veciñais e algunha recusación de pagos por quen debía facelos; gracias que outra persoa máis nobre e xenerosa soubo remedialo anónimamente. Que Deus llo pague.

A ermida estaba de novo en pè, cos mesmos materiais orixinarios pero mellor afirmados. Samente coidamos ser conveniente engadir ante a portada de entrada un porche cuberto. Dentro, no ancho da cabeceira deixóuse nicho prà estatua pétreo de San Mamede.

A punto estivemos de recobrar a primitiva estatua de San Mamede, rota e mutilada na trasteira de San Cosme de Monterramo, pero xa cedida polo señor abade e freigueses, e no talle do escultor Nicanor Carballo pra ser restaurada, interpúxose un tal cal ‘disgustado’ que nos fixo devolvela, e gastar case medio millón de pesetas máis. E a outra volveu à trasteira.

Labrouse a nova copiando a primitiva; barbado e con capa de ermitaño, co pico de canteiro na dereita apoiado sobre un sillar; na esquerda un pau de moca, e subindo por él un lobo amansado que se estira o que pode por bicalo. Quizáis sexan de novo






Fig. 11 Vista exterior.

as chancas que calza, e por pedestal un gran torgo de uz como corresponde nesta serra.

Unha estatua barroca, que pode representar, ademáis do anacoreta solitario, a un daqueles nosos petrucios devanceiros, identificados coa terra nai.

Na ombreira dereita da nave deixouse un pequeno nicho, porque tal persoa quixo que tamén na capela estivese a Virxe dos Milagres, xuntanza que xa augurara D.Francisco Martínez Pazos no século XVIII.

No arco trunfal usáronse as dovelas que foran da primitiva portada, por vernos privados das propias, estreladas, que desapareceran expoliadas: O arco apoia nas ménsulas, capiteis e basas primitivas, elementos salvados, como dixemos, nos anos de 1940.

O arco de entrada houbo que acondicionalo todo de novo., protexida a portada de alpendre. Dotámola dunha sonora campá, doada pola RENFE, daquelas que deixaron de avisar ós pasaxeiros nalgunha estación de tren. Cf. nas Figs. 11 e 12 a ermida restaurada.

A vella ermida, de todo remozada, sigue a coroar o cume xeodésico da Serra de San Mamede, orientada coma hai mil e pico de anos cara o pordosol, a ollo ou catalexo das máis lonxanas distancias que darse poidan en Galicia, batida por tódolos ventos, senlleira nas alturas. Debe de ser o templo de Galicia nunha maior altitude; 1618 metros, e un dos de máis na Península, espectacular mirador de longas distancias.

8- INAUGURACIÓN

Xa a ermida en pé e todo disposto, o día 8 de agosto de 1992, realizouse a súa inauguración ante unha gram multitude, bendecida polo Ilmo. Sr bispo de Ourense Don Xosé Diéguez Reboredo, con asistencia do Presidente da Xunta de Galicia, Excmo. Don Manuel Fraga Iribarne e autoridades rexionais, provinciais e locais.

A son de marcha trunfal de gaitas, rubíu a imaxe pétreo do San Mamede ó seu antigo trono, en carro cantadeiro da Teixeira, turrado por xugada de vacas serranas de sonoro tringuelear de campaiñas. Así, asitiada no seu nicho, deu comezo a misa celebrada despois de máis de 150 anos de ausencia. Mágoa que polo temporal desatado non se puidese celebra-la romería con tanto coidado preparada.

Iba ser a primeira romería despois do longo, demorado interregno, que en anos a seguir se puido xelebrar, despois dos cultos na ermida. Porque a *Escalada* xa se



Fig.13 Fonte de San Mamede.



Cruz no cima da Serra.

viña celebrando dende 1989, dende Arnuide na base, no Val do Mèdo, organizada polo empeño e teima do benemérito señor Manuel Fernandez, o «Vilas», o «home da Serra».

O maratón, a Escalada a San mamede, con 15 kilómetros de subida en ascenso rápido de 1.000 metros, celebouse deica a 18ª competición ininterrumpidas, con participación de primeiras figuras de España e Portugal, batendo records deica acada-la meta en menos de unha hora.

E xunto coa celebración na ermida e a escalada, unha romería animada polas gaitas, toldos con provisión de boca, merendas ò xeito tradicional, xogos populares de chave, rubida de cucaña, corridas de sacoss..., no entorno máis puro e luminoso que pensar se poida, sanatorio natural de oxixeno non contaminado. Fig. 13

No ano 2006 todo se veu abaixo por forza maior; coa morte inesperada de don Manuel Fernández desapareceu a palanca peincipal. Porque cada ano, e máis de unha vez no ano, a Asociación de Amigos dos Milagres e San Mamede por medio dil, arrenxabamo-la pista de rubida, e atendíamo-la ermida.

Compría xente nova, con ilusión e amor pola tradición e o legado dos devanceiros, que recollese e seguise a levar o facho en alto. San Mamede espéroa.

Incluso puidemos, coa axuda do Plan Proder da Unión Europea, erguer a media altura, a mil metros no Coudillo, antigo casal da Serra, unha Aula de Natureza, hoxe co nome primitivo de 'As Corcerizas'. Fig.14

Unha institución modelo na súa clase, cumprindo un dos postutaldos dos Estatutos: da Asociación;



Fig 14 As Corcerizas.



preservación do medio ambiente natural. Con albergue e dúas aulas feitas en bioconstrución, instaláronse as enerxías renovábeis: hidráulica, solar, eólica e de biomasa, pra servizo do complexo e pro ensino dos frecuentes grupos de xóvenes que acuden a disfrutar de ambiente e ensino, hoxe atendida por «Amigos da terra».

9- UBICACIÓN EXACTA DA ERMIDA

O sésego onde está a ermida de San Mamede pertencéu deica o ano 1840 ò couto do Mosteiro de Santa María de Monterramo, na estrema do territorio. Coa desamortización de Mendizábal e a creación polo mesmo tempo dos Concellos constitucionais, as estremas varían apenas, pero a ermida fica, xusto na raia, dentro do Concello de Vilar de Barrio, pertenza da freiguesía de Rebordechau.

Sabiamos que, coma edificio consagrado ò culto, pertencía à Eirexa, non entrando na desamortización, polo tanto non formaba parte da propiedade do monte. Con todo, máis de unha vez o propietario da parte que fora do Mosteiro de Monterramo, veu reclamar dereitos e por qué erguimos a capela sen o seu permiso.

Por termos unha maior seguridade, acudimos à Delegación do Instituto Xeográfico Nacional na Coruña, que nos proporcionóu o deslinde preciso entre Concellos naquel punto. Resulta que a ermida de San Mamede está situada xustamente no Concello de Vilar de Barrio, indo a ‘raia’ estremeira por detrás da ousia ou cabeceira, deica o esquinal esquerdo, onde topan os tres concellos: Vilar de Barrio, Monterramo e Maceda.

Do esquinal dito sai unha liña òs Penedos Afitados, sendo prà esquerda de Vilar de Barrio, prà dereita de Maceda. Do mesmo esquinal e punto sai unha liña en diagonal cara nordeste pola cumiera do monte, que divide entre Maceda à esquerda e Monterramo à dereita..

A ermida está xusto no vértice e facendo de fito estremeiro, de xeito que o muro traseiro do presbiterio e a ‘raia’ con Monterramo, todo en Vilar de Barrio, freigeuesía de Rebordechau e bispado de Ourense. Por elo tivemos bo coidado, denantes de comezar a restauración, de pedir a debida licencia na curia diocesna, onde tal cosnta, en prevención de posibeis futuras intromisiós.

Os límites xurisdicionais, como as partes non se puñan de acordo xa nos primeiros tempos, foran revisados, despois de estatuídos polo 1840. Revisáronse as estremas a mediados do século XIX, e no ano 1920 houbo de novo un recoñecemento de marcos de termo, cadrando os tres concellos ditos na ermida de San Mamede.

Os alicerces da ermida é o único que non ten sufrido cambio algún dende que no século X se erguéu, e que tampouco agora se tocaron.

10- A SERRA DE SAN MAMEDE (Fig. 2)

Despois de tanto como dixemos sobre a ermida, cómpre decirmos algo da Serra en xeral, antes de falar da presenza aquí de San Rosendo e as implicacións históricas de tal feito.

Sitúase a *Serra de San Mamede* no centro da provincia de Ourense. Co socalco de 1.000 metros que é sobre o Val do Médo a 600, ascéndese de vez ó Macizo Central Galaico, coroado en Cabeza Grande de Manzaneda con adur se 250 mts. máis de altitude. Pero ademáis o cume de San Mamede é, sen dúbida, o máis dominante do Noroeste, pola súa situación orográfica.

Ós seus pès dous vales, antigos lagos cuaternarios: O Val do Medo e o máis extenso e profundo da Limia, aínda en recesión. En noite estrelada, impresiona ollar de cara o norte o Val de Lemos, alá ó fondo, cara o mediodía, o Val de Verín na fonda deriva do Río Támeiga, estes e aqueles nunha prístina falla tectónica, no período dioival recheada. Crebadas por profundas corgas e engrobas, polo este todo son montañas, e polo sur deica traspasar a Segundeira.

A Serra de San Mamede, nembargante a súa unicidade, constitúe o sistema hidrográfico máis importante do Macizo Central. Marabilla da natureza, cómo no mesmo cume, e saíndo da mesma rocha, sen adur capacidade para o depósito, poden nacer, en 300 metros en cadro, catro grandes manantes.


A 1600 metros de altura, a só cen da ermida, mesmo na Fonte do Santo aborbolla por unha racha no penedo esburo a corrente superior do *Río Arnoia*, que precipitándose sobre Rebordechau, con outras derivas máis abaixo, en Cova Arnoia (tamén su do rochedo) forma o río, que correndo cara o sur, axiña revira cara o Val Medo pra ir a Baños de Molgas, collendo definitivamente o seu curso cara o pordosol pra ir ó Río Miño en Arnoia.

A media altura, na fachada norte da Serra sobre o lugar da Teixeira, sai en *Cova Tioira* con gran caudal, por debaixo de grandes rochas, o *río* deste nome, que en descenso rápido se amansa no Val do Medo, rodeándoo e dándolle o seu nome a Santa María de Tioira. Ás portas de Baños de Molgas engrosa a Arnoia, adur se cen metros antes do Río Sor de Cabeza de Meda, fague-lo mesmo.

A 300 metros da ermida cara o leste, ten a súa fonte máis alta o *Río Mao*, que baixa a Monterramo, e rodeando o mosteiro, directo ó Río Sil pola esquerda na Ribeira Sacra.

Outros tantos metros da ermida de San Mamede, cara o sureste, ten a súa máis alta manante o *Río Navea*, baixando à Ferrería onde se une ó ramal principal que baixa pola Edreira, cuio curso se forma na Nabuiña sobre Camba, aínda nesta Serra.

Co encoro de Chandrexa de Queixa primeiro, logo co de Ponte Navea (románica, na Vía 18), precipítase rápido a xuntarse co Río Sil no encoro de Montefurado a pouco de se unir co Bibeí.



No cabo da Serra, tamén arredor de *Camba*, nace o río deste nome, o de curso máis extraño, que baixando a Porto Camba, torce cara nacente, e bordeando o Invernadeiro co encoro de Veigas de Camba, se xunta co Bibeí ‘as portas de Viana do Bolo, pra en enorme semicircunferencia arredor do Macizo Central, xuntarse coa Navea.

Camba e Nabea nacen a poucos mestros un do outro, e grandemente xebrados polo sistema orográfico, van morrer co Bibeí e o Xares, os catro xuntos, no encoro do Sil en Montefurado.

E fica o *Río Támeqa*, que nace a media distancia nos derrames suroeste da Serra San Mamede, afluente do Río Douro que se forma en Tamicelas, e que en Laza acibe pola esquerda o Río Cabras, denantes dito *Nabiola*, que de Corrichouso, de fonte paralela à da Támeqa, xorde na mesma cara da Serra San Mamede.

Desta significativa riqueza hidronímica, non desmerece, senón ò contrario a oronímica, declinando, máis aínda ca aquela, o prístino da súa humanización, que se topónimos hai de nivel preindoeuropeo e indoeuropeo, poboación tivo que haber en cuia boca viñeron e de quen por tradición a nós chegaron.

Topónimos coma *Toro* -o antigo desta Serra: **Montem Toro**, con *Torolo* en Pías-); As Candas e A Candaíza en Rebordechau, O Candal en naveaus, O candedo en Cascarballo, A Candieira en Xinzo da Costa, A Candaira en Porto. *A Bara da Serra*, os pobos na bareira inferior da Serra sobre o Val do Medo, co Barego en Campo Becerros. Coto en Cascarballo, Cotarelo en Paredes, Cotarela no Naballo e Camba, Cotote e Cotoriño en Corrichouso, Cotarro en Xinzo da Costa. E Petón, Os Petarós, A Petada, A Petota; A Pala da Osa, O Paleiro, A Palela, etc.

É de supoñer neste horizonte paisaxístico a riqueza de flora silvestre e montesía que vexeta por lombas e engrobas. A abundancia e variedade de fauna salvaxe, de pelo e pluma, dende o lembrado oso deica a perdiz charrela de alta montaña, de que aquí non podemos faguer nin enumeración xiquera.

Pero non é samente o que aquí existe senón tamén o que ò lonxe se pode contemplar. O cume desta Serra, precisamente o punto en que se ergue a ermida, coido e afirmo ser o mirador máis espectacular do Noroeste.

Nun penedo à beira instalamos unha rosa dos ventos, marcando a punzón os lugares a que se apunta e ollarse poden:

O Faro de Avión, Pena Corneira, O Faro de Chantada, o Val de Lemos e alá moi lonxe o Pía Páxaro do Courel, o encoro de Chandreza e máis alá Cabeza Grande de manzaneda, o Fial das Corzas co Invernadeiro detrás, Pena Nofre e máis lonxe a Serra de Penas Libres, O Pico de Mairós, e, co Val de Verín òs pès, sempre tornado à dereita, a Serra de Larouco, os Picos ou *Petôes* do Xerés, a Serra do Leboreiro...

E mesmo, se o ollo humano capaz delo fose, e o Pico Sagro inminente non o estorbase, deica o propio Santiago de Compostela, como di aquela letriña, que a

nonaxenaria señora Emilia da Serra nativa, que nunca a Santiago fora, hai máis de cincuenta anos en boca de San Mamede recitaba:

*Pico Sagro, Pico Sagro...
Se non fose o Pico Sagro,
vía ò meu irmau Santiago.*

E olla que a cidade do Apóstolo está a máis de 115 kilómetros de distancia en *liña de abella*, que era cómo o Xocas plasticamente se expresaba por ir en liña recta, sen volta nin rodeo de camiño. O Pico Sagro, na lonxanía, a terceira parte de alto ca San Mamede, está sen embargo inmediato, case sobre Santiago.

11- SAN ROSENDO E A SERRA

Aquí queremos chegar, xa que se do dito deica aquí xa sabemos algo, o enunciado agora non era nin sospeitado, e resulta ser fundamental para entendermos o desenrolo desta contorna, a Serra e a vida na Serra dende o século X, a vida cenobítica nese século e o proceso de integración no mosteiro de Monterramo, a presenza deste e do mosteiro de Santa Maria de Xunqueira de Ambía na Serra, e a ermida do Santo en San Mamede.

Pro caso, temos que coller o tema dende máis atrás, guiándonos pola documentación de Celanova. (11).

Xa en traballos anteriores (Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, nº 4; Diversarum Rerum, nº 5) nos temos achegado ò tema, basándonos en documentos do Mosteiro de Celanova do século X, demostrando cómo todo o cauce do Río Arnoia, dende o Val do Medo inclusive, pertencéu à familia rosendiana, por herdo xa dos seus maiores. E tamén de herdades que lles son doadas posteriormente na base da Serra. Aquí recolleemos o tema.

No **ano 927**, cando se retaura o mosteiro de San Salvador de Loio cerca de Lugo (12), don Gutierre e dona Ilduara fanlle unha ampla doazón, entre outras algunha que nos interesa apuntar aquí:

*...domnus Guttier cum coniuge sua domna Ylduara ausi de reditibus vel villis.. (donant)
... etiam et alia villa subtu monte Toro in caput Limie quam dicunt Villarino, per omnes suos terminos ex integro, et in ea villa iuga bovum IIIIor, et ovium capita CC³L^a, cibaria modios CCCC et cupas plenas XIII...*

Que traducido di: ... «don Gutierre coa súa esposa dona Ilduara, doan do seu haber e pobos ... tamén outra aldea ò pè do *monte Toro* na cabeceira da Limia, chamada *Vilarriño*, íntegramente polos seus termos, e nesa aldea 4 xugadas de bois, e 250 cabezas de ovino, 400 moios de cereal e 13 cubas cheas... «



Trátase de *Vilariño de Lama Má*, Baños de Molgas, à esquerda do Río Arnoia, entre a Limia e a Serra de San Mamede, onde en séculos vindeiros está presente o Mosteiro de Xunqueira de Ambía e descendentes lonxanos da xamea rosendiana.

No **ano 936** (12), tres cabaleiros fanlle unha doazón a Santa Ilduara no **monte Toro**:

Christus. In Dei nomine. Ego Brandila, Donnelo et Visclamundo, vobis domna Ylduara ... ut faceremus ... cartulam donatiomis de... ipsos nostros bustos, quos visuri sumus abere in monte quam vocitant Toro, ipsos bustos quos abemus in ipso monte. desunde invertent aquas usque in Naviola sive in Cubella cum et in rio de Betule usque in Naviola...

Ou sexa, «Brandila, Donelo e Visclamundo... doamos os nosos *bustos* (pastizais) no monte que chaman *Toro*, que están entre as *augas vertentes* (cumieira do monte Toro) e o (río) *Naviola* (hoxe río Cabras en Corrichouso) e deica Cubela ò río de Betule, deica o *Naviola*. «

Ò pronto non podemos identificar nin Cubela nin Betule, pero co suliñado concluímos que os pastizais son na Serra a vertente de poludía .

No **ano 937** (13), Burrano e seus herdeiros dóanlle a don Guterre e Ilduara:

... Ego Burrane una cum heredibus meis nominibus Senta, Elperico, Sisverto et Sendino vobis domno Guttier et domne Ilduare... ut faceremus vobis testum scripture donationis ... de nostra portionem quem habemus in villa Parata iusta rivulo Arnogie, subtus monte Toro et subtus monte Mesero... per suos antiquiores terminos cum omne sua prestantia vel utensilia sua ... et ... VIII colmenas cum apibus suis...

Ou sexa: «Eu *Borrano* (cf. o lugar de *Borrán* à beira, onde está a estación de ferrocarril, Vilar de Barrio) a unha cos meus herdeiros de nome Senta, Elperigo, Sisverto e Sendino, a vos don Guterre e dona Ilduara... que vos facemos escritura de doazón da propiedade que temos na aldea de *Parada* (Parada dos Folós) à beira do *Río Arnoia*, su do *monte Toro* (hoxe *Serra de San Mamede*) e su do monte Mísero (nome popular que se perde cedo na Edade Media; hoxe *Monte Talariño* sobre Alberguería)».

O **ano 938** (14), Gundesindo e súa muller fanlle outra doazón, esta vez a Ilduara:

... Ego Gundesindus et uxor mea Ostubreda vobis domne Ilduare... ut donaremus vobis medietate de nostra portione que abemus in villa que vocitant Parata Desterici et est ipsa villa inter monte Misero et ripa Arnogie et inter parata Flaczini et parata de Temanes territorio Limie... concedimus in terras ruptas vel inruptas, ...pratis, pascuiss ... per omnes suos antiquiores terminos...

Que interpretado di así:

«Eu Gundesindo e miña esposa Ostubreda a vos dona Ilduara ... donámosvos a metade da nosa propiedade, a que temos na aldea chamada *Parada de Destriz*, que está entre o monte Mísero (o Talariño) e a beira da Arnoia e entre a *Parada de Flaczino* (Chacino) e a *Parada de Tamanes* no territorio da *Limia*... Concedémolo con terras roturadas e sen roturar, ...prados, pastos..., pola súa antiga demarcación.»

Cítanse aquí tres ‘*Paradas*’, unha que de certo é xa aldea, outros dúas que semella seren namais casais, e que todas tres están à beira do Río Arnoia coma a *Villa Parata* citada na escritura anterior. Non sabemos se esta *Parata Desterici* é aquela *Parata*, pero pode sélo. As outras, entre as que se ubica a primeira, puidera ser o actual *Riobó* (*parata Flczini*) río a enfesto. E un casal desaparecido río abaixo (*parata Tamanes*). De tódolos xeitos, estamos movéndonos nun mesmo espazo, e probando que tamén ò pè da Serra, río Arnoia a enfesto, acaba a familia rosendiana por sé-la dona de todo.

Algo máis; o aparecer aquí tantas ‘paratas’ responde ò feito, que à sua vez apoia, de baixar pola beira do Río Arnoia a *vía secundaria romana* de Chaves, Río Támega a enfesto, pola Portela de Prado, a Arnuide e Baños de Molgas (estación *Ad Aquis Salientibus*) onde se unía à principal: *Vía XVIII* ou *Via Nova* de Braga a Astorga.

No ano 950 (15) outra doazón, esta vez a San Rosendo e frades de Celanova, río abaixo das anteriores:

... *Ego Iulianus et uxor mea Eolalia una cum filiis meis vobis patri domno Rudesindo episcopo et fratribus vestris de monasterio Cellenove. Placuit... ut donaremus ... nostram rationem integram in villa quam vicitant Parata ubi est ecclesia funda(ta) vocabulo sancto Petro, secus fluvio Arnogie subtus monte Misero quod nos ibidem competet inter nostros iermanos vel heredes per loca designata, decancello de susano usque in cancello de iusano, et inde usque in fontano maiore... Adicio etiam vobis in alia parte quod dicunt Agutelle— Item et de alia parata quod dicunt Temanes... usque ubi dividet cum parata de Froila. Concedimus iterum vobis de rationem quod habemus in monte Toro, id est de lagona et de aqua de Texteto, usque in aqua de Naviola ...*

Que traducimos:

«Eu Xulián e miña nuller Olaia, xunto cos meus fillos, a vos padre don Rosendo bispo e a vosos frades do mosteiro de Celanova. É do noso agrado o doarvos a nosa propiedade íntegra na aldea que chaman *Parada* onde está a *eirexa de San Pedro* (que é **San Pedro de Maus**), cerca do Río Arnoia, su do monte Mísero (Talarifo), que aí nos pertence entre os nosos irmaus e herdeiros pola demarcación sabida: dende o *Cancelo de Riba* (susao) deica o *Cancelo de Baixo* (iusao), e de alí deica o *Fontau Maior* (topónimos menores). Douvos tamén noutra parte que chaman *Agudelo*... O mesmo de outra *Parada* que chaman *Tamanes* (citada na escritura anterior) deica onde estrema coa *Parada de Froila* (un novo casal, tamén à beira da Arnoia e *vía* citada, de que hoxe non sabemos).

Tamén vos doamos a propiedade que temos no **monte Toro** (*Serra de San Mamede*), a saber: dende a *Lagoa* e o **río do Teixedo** (o que nace coma 250 metros abaixo da ermida do San Mamede e, pasando polo casal do *Teixedo* baixa á Ferrería onde, pola esquerda desouga no *Río Navea* ò que contribúe a formar, atrás ollado) deica o **río Neivó** (nome perdido, hoxe dito *Río Cabras* por Corrichouso, afluente da Támega en Laza; ou sexa **a meirande parte da Serra San Mamede**)».



Unha escritura pola que se ve acabar sendo de **San Rosendo** -ò que nas partillas lle toca toda esta parte do patrimonio paterno-, non so a base da Serra sobre o Río Arnoia, senón a *Serra daquela chamada Toro*.

12- SAN ROSENDO NA SERRA DE SAN MAMEDE

Temos a San Rosendo xa de posesor no *Montem Toro*, que como se ve polas escrituras anteriores, en relación co Río Arnoia é a actual Serra de San Mamede. As consecuencias son dunha gran importancia e inmediatas.

Aparece unha ermida na Serra, adicada a San Mamede. O nome da Serra vese esvaír no século XII deica afirmarse de todo o novo; o rei Fernando II doa en 1157, *Savin*, cerca de **S. Mamede de Monte Toro**, ò mosteiro de Monterramo. Perde de vez o antigo nome, *Toro*, un orónimo antiquísimo, e o único que aparece xa, sempre: **Serra San Mamede**. É sen dúbida porque se edifica no seu cume unha ermida adicada a este santo anacoreta e mártir.

Ademais a serra entra na historia, pasando pola dereita ò mosteiro de Santa María de Xunqueira de Ambía, e pola esquerda ò mosteiro de Santa María de Monterramo.

Foi, sen dúbida algunha **San Rosendo** o autor, promotor deste cambio, faguendo que no alto da Serra se erga unha capela a San Mamede, pro que algunha razón ou motivo especial habería, xa que estando tan a trasmau, tan lonxe de poboado e a tal altura, non podía ser pro servizo do pobo. Entón tivo que ser razón e causa algo local e de gran coidado pras crenzas cristiáns; acaso lugar de cultos paganos, onde a xente en pleno século X, en lugar de todo arredado, seguía, sen ser por ninguén molestado, realizando antigas prácticas de idolatría, pola Eirexa anatematizadas había séculos.

San Rosendo non víu mellor remedio ca sacraliza-lo lugar da forma máis común usada dende os comezos do Cristianismo: *erguer no sitio unha capela a San Mamede*. Medio tan efectivo, que en poucos anos, non só borra as vellas crenzas, senón que ‘sacraliza’ toda a Serra: **San Mamede**. Mágoa que non se dea coa lápida a recadén mencionada, coa que confirmalo.

Algo diremos aquí do primitivo orónimo, **Toro**, nome que en lembranza fica no outro cabo, oriental, da Serra: o pobo e freiguesía de *San Lourenzo de Toro*, titular rigurosamente contemporáneo de San Mamede.

Nunha ara romana, xa citada, en *S. Pedro de Pías* na *Bara da Serra*, fica estereotipada a forma diminutiva, referida sen dubida ò espigón e castro inmediato no que asitia Castro de Escuadro. Unha deificación do lugar co apelativo: **Torolo**, que tal é en relación coa mole enorme do monte de que se desprende, de **Toro**, e axustadamente ubicada polo determinante **Comibiciego**, xa que a engroba aínda hoxe dita *As Cambicias* está fronte a fronte do castro. A inscrición é: (Fig.18)



Fig.15 Ara de San Pedro de Pias.



Fig.15a San Pedro de Pias.

TOROLO COMBICIEGO (deus tópic) FLAVIVS FLAVIANVS V S L M

«Flavio Flaviano cumplíu agradecido o seu voto ò deus *Torolo das Cambicias*»

Un tema oronímico prerromano, que coído pertencer a unha inmigración xa preindoeuropea, vinda ò longo do Mediterráneo, presente noutros topónimos, coma *Toralla*, latinizado **Toracula*; *Toroña* ou *Torroña*, etc.

En Zamora, *Toro*, en promiencia à dereita do Río Douro, nin res ten que ver co animal -vulgar etioloxía-; pertence à mesma base, igual cò lat. *torus* ‘cepo, toro’. No galego voces coma *toro*, *tora* ‘tronco, anaco de tronco’, *toraño*, *torolo* de mazá, *torobelo* (tronco pequeno), *torombelo* (pequena altura), etc. (16)

13- SAN ROSENDO EN MONTERRAMO

Ben sentada que temos xa a presenza e propiedade de San Rosendo no «Monte Toro», posteriormente «Serra de San Mamede», troco do que foi causante mediante a ereción da ermida de nome e padroeiro éponimos, imos ver cómo tamén está presente na bareira ò leste, na chaira de Monterramo ou Terra de Caldelas.

Por certo que primeiro Munio, e logo Froila Guterrez, irmáus de San Rosendo, foron nomeados por un tempo condes de Caldelas. Xa morto Don Guterre, Ramiro II no ano 942 (Tumbo, II, 191-2) encomenda a Froila a administración desta Terra de Caldelas, parte da ‘cabeceira da Limia’ -Val do Mèdo-, e a conca do Río Arnoia co val do Río Sorga –Celanova-, das que era dona a familia: *sub manus mater tue tie nostre Ilduare, comisum de Caldelas...et tertia parte de capite Limie...et in Sorga...*



É de notar o arreigada que está a denominación de ‘Limia’, afectando incluso ó Val do Mèdo.

Estamos polo tanto nun territorio ben coñecido da familia rosendiana, e a familia ben coñecida dos seus habitantes, pobos e mosteiros. Esta chaira das Terras de Caldelas, e o Mosteiro de Santa María de Monterramo, coñeceron unha densa etapa cenobítica prebieita, como imos ver a continuación.

Xa do **ano 916** (17) hai unha escritura de doazón a don Guterre e dona Ilduara:

*... Ego Recesindo vobis domno Guttier et usor tue domne Ilduare... Placuit mihi ...
facere vobis cartula donationis ... de nostra ratione in **busto** que habeo comparato de
Zensoi, Sesualdo et Bonimiro, et **est ipse busto in monte Baron inter Bubale et Caldelas,
super castro Litorie in loco predicto Felgarias.. per suis locis et terminis antiquis ...***

Que di:

«Eu Recesindo a vos don Guterre e a dona Ilduara túa esposa ... É meu placer faguervos escritura de doazón ... da nosa propiedade, o *busto* (pastizal ou mallada) que poseo, comprado a Censoi, Sisualdo e Bonimiro. *Busto* que está no **monte Barón** (hoxe *Cabeza de Meda*) entre o *Río Búbal* (que por Carballedo divide Lugo de Ourense desougando no Miño, nos Peares) e *Caldelas* (Terra de Caldelas), sobre o castro de *Litoria* (a media distancia baixando de Cabeza de Meda a Loña do Monte, Pereiro de Aguiar, por onde baixaba a *vrea* ou *vieiro* altomedieval, que de Castro Caldelas viña cara Ourense), no lugar dito *Felgueiras*, polos seus lugares e terminos antigos».

Semella ubicarse na bareira norte de Cabeza de Meda.

No **ano 922** (18), unha doazón a San Rosendo:

*... Ego Atan confessor una cum collatione fratrum Sancte Marie vobis domno Rudesindo episcopo. Placuit nobis... ut faceremus vobis kartulam donationis... de terras quas habemus per nostros auctores sive per kartas..., ab integro per ubi eas nobis dederunt ..., id est locum predictum **Villare, territorio Ramo, predicto loco ubi dicunt Vistremiri et Latre de illo circa villa que vocitant Mazanaria ...per terminos antiquos, et deirado de Medalos per arrogium qui discurrit de monasterio Sancti Cosme, et inde per pinna que dicitur Burgaria et per archam, et deinde in omano qui discurrit de Verdusedo, et ubi ipse omano in alio omano intrat, donamus vobis... sive in villare de Molas per ipsos terminos qui determinant inter homines de Borrani, et usque in arbore de Fratrino usque Maurale de rege, et per fontanum ubi sunt combarros de fratres Pinne, et deinde in omano ad cellario fratres sancti Adriani, ...terras cultas non incultas (sic), montes, fontes, pratis, pascuis, paludibus ...omnia quantum in ipsas villas ad prestandum hominis est... Atan confessus cum fratribus Sancte Marie (signum).***

Que vertido di:

«Eu Atán confesor, a unha co convento (grupo) de frades de **Santa María** a vos don Rosendo bispo. Queremos facervos escritura de doazón do *término* que temos por herdo dos nosos maiores e por escrituras ... todo pola demarcación coa que nolos deron... é a saber, o lugar dito **Vilar**, territorio de **Ramo**, o lugar dito **Vistremir** e **Lado dil**

(?) cerca da aldea que chaman **Mazaira**, ... polos límites antigos, e de **Eirado de Médaos** polo **arroxo** que corre do **mosteiro de San Cosme**, e dalí pola **pena** que chaman **Burgueira** (cf. séc. X *burgario* ‘burato, poceca’) e pola **Arca** (mámoa), e dalí ò **Río Mao** (o *Mao minore*) que corre de **Verducedo**, deica onde ese **Mao** (Menor) desouga no outro **Río Mao** (*Mao Majore*, que ven de San Mamede, de perto da ermida), dámovolo, ... así coma deica **Vilar de Moás** polas marxes que dividen entre os *homes de Borrano* (cf. atrás o doc. do 937, onde *Borrano* lles fai doazón su da Serra de San Mamede, à beira da Arnoia?), e deica a *árbore de Fradiño*, deica **Moural de Rei**, e polo **Fontau** onde están os **combarros** (cobertizos) **dos frades da Pena**, e daí ò **Río Mao** cara o **celeiro** dos **frades de San Adrián** (de Sacar de Bois, A Teixeira) ... terras roturadas e sen roturar, montes, fontes, prados, pastos, bairas... todo canto nesas aldeas hai pra servizo do home...»
Firman: Atan (*confeso, prior*) e os *frades* ou *fraternidade de Santa María*. (Nota: usamos ‘convento, frades, mosteiro, confeso / prior, tendo en conta que estes termos teñen un valor propio da época, que non é o de hoxe. Está claro o valor semántico de Mao ‘río’ coa reiteración e calfcativo).

Este documento é de gran valor pra historia do Mosteiro de Monte Ramo, e pra historia da vida cenobítica prebieita ou prebenedictina en xeral. Pra entendermos aquel inzamento de pequenos ¿cenobios?, familiares e de herdeiros, que acaban integrándose nos mosteiros xa reglados, coa adopción da *Regula S. Benedicti*.


Aparece aquí, acaso por primeira vez, o *mosteiro de Santa María de Monte Ramo*, un cenobio destes, de herdeiros *confessos* dos que un é ‘director, moderador’, abade nos verdadeiros mosteiros; os demais son *fratres* ‘donde ‘frades’, pero co valor semaántico de ‘irmaus dunha irmandade’, o que podíamos chamar **deovotos* a imitación de as *deovotas* que na Edade Media a miudo aparecen.

Os integrantes deste mosteiro, que sería o principal en Terra de Caldelas, coñecedores do labor de integración auspiciado por San Rosendo, entréganlle graciosamente a fundación -que non sabemos de cándoo viría xa-, co fin de que impoña a súa organización. Foi 15 anos antes de fundar o Mosteiro de San Salvador de Celanova (937).

Nesta escritura de cesión noméanse en tan breve espazo outros catro cenobios parecidos, que acabarían desaparecendo, integrados nun: *fratrum Sancte Marie, monasterio Sancti Cosme, fratres Pinne, cellarario fratres Sancti Adriani*

No **amo 955** (19) o abade Tandino e os seus frades, elixen a San Rosendo coma herdeiros do mosteiro de San Adrián de Sacardebois:

...Ego Tandinus abba una cum fratribus meis de monasterio Sancti Adriani vobis domno Rudesindo episcopo et fratribus vestris ... tertium heredem vos in ipsius (Anseredus Armentari filius) hereditatem facimus. Qualiter de duas illius villas, unam quam dicunt in Lemos Linares, et alia quam dicunt in Ramo Covas. ...casas, ...vineas, de pomiferis, de perfia vel de omne omnino rem. terciam nobis post parte Sancti Adriani, tertia post parte Sancti Michaeli et tercias post parte vestra et monasterii sancti...



Que nos di:

«Eu abade Tandino, a unha cos meus frades do **mosteiro de San Adrán** (de Ribas de Sil, Sacar de Bois), facémosvos a vos don Rosendo bispo e òs vosos frades, terceiro herdeiro na herdade de Anseredo, fillo de Armentario; de dúas aldeas de este, unha que se chama **Liñares** en Lemos, outra **Covas en Ramo** (*Covas*, Monte Ramo, sobre a *Vía XVIII de Braga a Astorga*; xebrada, à esquerda do Río Mao)..., casas, viñas, de pumares, de utensilios, e de tódalas cousas en definitiva un terzo pra nós pola parte de **San Adrián**, terzo pola parte de **San Miguel** (cenobio cerca do Río Sil, probabelmente S. Miguel de Cristosende) e terzo pola vosa parte e do santo mosteiro (de Celanova)».

O mosteiro de *San Adrián* en Sacar de Bois (ant. *Siccare de boves*, un ‘sequeiro’ de castañas), Parada de Sil, ubícase à esquerda do Río Sil, alto sobre a ribeira esquerda. Vémolos en Fr. Benito de la Cueva (20) coma S. Adrián de Lemos, do que di ser no 924 abade, *Álvaro*, que pide cos seus monxes a San Rosendo os acibise baixo o seu goberno. Eran daquela: *abade Álvaro, prior Balliano, con 19 relixiosos*.

Debe de haber algún erro na data, pois na inscrición fundacional, que se conserva (21), aparece:

DEO IVBANTE STAVRATVM EST TEMPLVM HOC
OB HONOREM SANCTORVM ADRIANI ET NATALIE DEI
SERVO FROILA ABBATE EDIFICAVIT CVNCTA CENOBI
LOCVUMJVNII ERA DCCCCLXIII

«Coa axuda de Deus estableceuse este templo en honor dos santos Adrián e Natalia. O *abade Froila*, servo de Deus, edificou todo o lugar do cenobio ...Xuño da Era 963 (**ano 925**)»

Fr. Benito de la Cueva (20) di que San Rosendo fundóu, no **ano 962**, na graña de *Hedrada* o mosteiro de **San Xoán de Herdadas**, con *fray Basiliano* à fronte. *S. Xoán de Hedrada* está perto de Monte Ramo, con *S. Xoán de Seoane* intermedio. É un máis a engadir neste conxunto mosteiral de Monte Ramo.

No *Colmellum divisionis* de San Rosendo, **ano 934**, cítase en Terra de Caldelas, además de *totas rationes in Covas*, ... **media Pinaria** que debe de corresponder ò mosteiro de **S. Martiño de Piñeira**, tamén agregado a S^a M^a de Monterramo, citado en Yepes ò **ano 943** (f.25v), do que na escritura XXXVIII aparece o privilexio con mercedes que lle outorga Alfonso VII. (22).

Outro pequeno mosteiro é o de **San Xoán de Seoane**, ò que en **1153** lle é donado o pequeno mosteiro de **San Miguel de Sil** (abaixo, à esquerda do Sil); foi onde primeiro estiveron os monxes do Cistel, integrándose coel, adur se seis anos despois, no mosteiro de **Santa María de Monterramo**.

No **ano 976**, *Erus Fafilani*, confeso, doa ò bispo Rosendo e frades de Celanova a súa herdade de Covas e Lamas, Monte Ramo: (23)

...*Erus Fafilani et confessus, vobis patri et pontifici nostro domno Rudesindo episcopo, et fratribus nostris de loco predicto Cellenove ... placuit mihi ... ut facerem vobis cartulam donationis ... de hereditate mea propria quam ab eo de avio meo nomine Zanito, et de matre mea nomine Senior. Et est ipsa villa in locum predicentibus dicunt Covas et Lamas Zaniti inter monte Toro et monte Barosi (Baroni), discurrente rivulo Humano ... iuxta ecclesiam vocabulo Sancti Iohannis usque in Calzata. ...*

Que vertido di:

«Ero Fafilani, confeso, a vos padre e pontífice noso don Rosendo bispo e òs nosos frades do lugar dito Celanova ... foi de meu agrado... faguervos escritura de doazón ... da miña herdade propia que teño do meu avó Zanito e da miña nai Senior. Está esa aldea no lugar chamado **Covas** (S. Xoán de Covas, Monte Ramo) e *Lamas de Zanito*, entre **Monte Toro** (hoxe *Serra de San Manede*) e **Monte Barón** (hoxe *Cabeza de Meda*) nas proximidades do **Río Mao** (que nace perto da ermida de San Mamede, e vai ò Río Sil por aquí) xunto à eirexa de *San Xoán*, e deica a **Calzada**» (a *calzada* ou *Vrea roamana XVIII* de Braga a Astorga; antes, aínda no Val do Mèdo, pasa por *A Couzada*, lat. **calciata*)».

O donante é *confeso* no mosteiro de Celanova, o que diríamos hoxe ‘postulante’, aínda non *professus* que é ‘o que xa emitíu os votos ou fixo a súa *profesión*’.

Repítese aquí *Monte Barón*, coma antes, na outra banda da chaira de Caldelas *Monte Toro*. O mosteiro de *Santa Cristina de Ribas de Sil* fúndase no séc. IX **sub monte Barone**, e *Baroncelle* no Val de Verín non é senón unha latinización diminutiva de *Barón*; o outeiro cun castro, pequeno espigón da Serra de Meda.

Tema oronímico dos primeiros nivéis da nosa fala, coidamos ser de orixe euroafricana ou íbera (16). O que nunha ara romana se di *castello Berensi* na Limia, vese nun documento de Monterramo coma **castellum de Bara**.

Curiosamente aínda está algo vivo o tema na zona; à parte da Serra San Mamede sobre o Val do Medo dinlle **bara da Serra**, co valor de ‘faldá ou abas da Serra San Mamede’. Noutras partes de Galicia a forma é **bareira**.

14- OS MOSTEIROS FAMILIARES

Coido de interés aclarar aquí algo en qué consistían os «*mosteiros familiares*», de *herdeiros*». Polas escrituras precitadas, referentes à Terra de Caldelas, en pouco máis do que é hoxe Concello de Monterramo, constatamos que había en tempo de San Rosendo polo menos seis ou sete *mosteiros familiares, de herdeiros*, concentración que rara vez se daría en ningures.

Comeza sen dúbida pola *vida eremítica*, quizáis xa no século IV, a partir da *Via Nova* de Braga a Astorga. Individuos que ansiosos de unha vida máis austera e de oración, foxen do mundo e se internan nas fragosidades das Ribeiras do Río Sil. O fin é o de se adicar à contemplación, mortificando os seus corpos na soedade.

A súa inicial procedencia, e a deriva deriva pola que chegan, coido poder aclararse polos termos, **eremita** e **anacoreta**, que son de orixe grega: O Cristianismo oriental, vía Norte de África.






Fig. 16 Inscripción de S. Pedro de Rocas .




Fig 17 Ins cripción de Asadur.

Os antecedentes de *San Pedro de Rocas* son bo exemplo; *eremitas do Monte Barbeirón*, que chegou un momento en que se xuntaron en comunidade, agrandando pacientemente unha cafurna que os acolla (24).

Parece verse no feito xa o influxo de *San Martiño de Dume*, pra iniciar unha vida de comunidade regulados por certa norma de vida inspirada no monaquismo oriental, anque informado de costumes suebas. San Martiño é quen, no **ano 572**, convoca o *II Concilio de Braga*.

É indicativo a este respecto, que a lápida de San Pedro de Rocas do **ano 573**, na que constan os primeiros cenobitas, se inicie con **Hereditas** ‘herdade’, preludeo, igual ca o **Aereditare** (século VII) na lápida honorífica, romana, de Asadur, dos próximos *cenobios familiares de herdeiros* das terras de Monterramo. Cf. Figs. 16 e 17.

As Ermitas do Bolo -erro grande o traducilo por *Ermidas*- non foron outra cousa de primeiras: **Os eremitas** solitarios daquelas fragosidades, a semellanza dos de Exipto.

Os cenobios ou mosteiros familiares (25), comprendían òs fundadores coas súas familias e servidume. Fundados por laicos devotos con certo poder económico -os donos e padroeiros-, rexíanse por un xuramento de fidelidade. E naturalmente eran dúplices, ò se integraren na comunidade cenobítica familias enteiras. Serían pequenos pobos-cenobio, cada familia nas súas casas.

Un paso máis; xa con *San Froitoso* (+ 665) serían conventuais, de vida regular, cada sexo aparte, pero baixo obediencia dun abade, às veces abadesa. O *mosteiro de Santa María* co que se atopa San Rosendo en Xunqueira de Ambía no primeiro terzo do século X, é *dúplice e de herdeiros*. Caro costóu o deixaren tales dereitos, familiares, de padroádego, aquí e noutras partes de Galicia, deica o século XII. (26).

Xunto coestes *conventuais*, seguen e abundan os cenobios familiares. Non hai que pensar aínda na *Regula Sancti Benedicti* nestes mosteiros de Terra de Caldelas, nin xiquera no de Sana María de Monte Ramos, no que San Rosendo infundiría certas normas influídas por aquela.

cando chega a infausta desamortización e exclaustación dos monxes cistercienses no ano 1835.

Todo foi ben deica o século XIX, que foi aciago e mortal pro mosteiro, primeiro pola invasión francesa, logo polas revoltas e política nacional. (27).

En **1809** os franceses, de retirada cara Castela, saquearon o mosteiro, asesinando ò abade e a oito monxes, destrozando canto puideron, coma en Castro Cañdeñas e San Clodio.

Cando Fernando VII se declara constitucional, no período liberal, nas revoltas do **1820**, varios eclesiásticos destacados da provincia de Ourense foron deportados a América, entre eles o abade de Monterramo. (28).

Tres anos despois, en **1823**, o goberno constitucional, logo de tres anos presos na cadea, danlle morte en Manzaneda, a 16 monxes desta comunidade de Monterramo.

Por fin, coa *Desamortización de Mendizábal* en **1835**, expulsados tódolos monxes, os paisanos saquearon o mosteiro, unha parte repartíuse en vivendas familiares e o demais foise esborrallando co tempo.

A *escola* que os monxes tiñan pros rapaces da contorna deixou de existir, e a gran biblioteca levada para Ourense, onde acabou perdéndose nun incendio.

Os foros, e propiedades coma a da Serra de San Mamede, foron malvendidos a burgueses aproveitados.

16- HERDO DE SAN ROSENDO ARREDOR DE SAN MAMEDE

Non é este o lugar para dar conta de tan longo período da historia, pero algo diremos das consecuencias de todo o que deica aquí levamos dito, porque a verdade é que a contorna experimenta unha transformación palpábel dende o século X.

O feito de pertencer a parte de poludía da Serra ò mosteiro de Xunqueira de Ambía -no século X tamén da familia rosendiana-, e a parte nordeste ò de Monte Ramo, non ten outra razón de ser cà doazón por parte de San Rosendo, quen tamén no centro deste espazo territorial foi quen ergueu a ermida de San Mamede.

De familia lle viña a liberalidade para cos mosteiros; exemplos hai por todo o Noroeste, dos pais, don Guterre e dona Ilduara ou Santa Ilduara. Ben perto de aquí está Santo Estevo de Ribas de Sil ò que Don Guterre dotou de toda a psrte leste do Val do Medo.

A Serra, dende aquela chamada de San Mamede, coñece nunha banda e noutra, unha intensa colonización, unha humanización rica en vivenzas deica a metade do século XX, no aspecto económico e social, como acaso non volverá a ter xa máis.

Resío son, ademáis da Ermida de San Mamede, os casais dispersos por corgas e bareiras, coma Carballós e As Casas do Monte, onde varios veciños de Arnuide tiñan, a dez kms. de distancia, serra a enfesto, dous pequenos poboados con explotación de alzada.

E os casais de Cherintín, A Edreira, O Teixedo, A Ferrería, San Xiraldo... E estrebarizas aquí e alá pola serra, onde acoller o gado na invernia.

Hai pobos arredor da Serra, coma Rebordechau, Fonte d'Oso, Vilanova, Valdarias, etc., que deberon de xurdir a partir do século X.

De moitas formas se aproveitaron os recursos serranos polos pobos que vivían a sopé, no entorno da Serra (29).

Na Ferrería explotouse o ferro deica a metade do século XIX, con elaboración de lingotes en mazo propio.

Deica os anos de 1940 foi activa a extracción de madeira, e a casca de rebola de carballo que proporcionaba o tanino necesario pros pelamios de arredor, mormente os da contorna de Allariz.

Deica a dieza de 1950, dos pobos arredor subían à Serra a faguer carbón de torgo de uz, co que alimentar as forxas que había en tódolos lugares, e incluso para uso caseiro nos invernos.

Cargas de casca de acevo baixaban ò mosteiro de Monterramo prà elaboración de meiciñas. E a raíz de xenciá, tan estimada polo pobo nas súas doenzas, era moi buscada, deica o punto de case desaparecer.

Houbo algo especial dende o século XVI; foi a explotación e aproveitamento da neve coma medio de refrescar as bebidas nas calores estivais. Aquí por medio de *paleiros* amoreada a neve tarde no inverno e comezos da primavera, sacábanse diariamente, de vrau, moitas arrobos de neve, que levada en mulos a Ourense, incluso se mandaba a a outras cidades.

Pero foi mormente no aspecto agrícola e gandeiro. Cada ano se faguían grandes searas nas bareiras inferiores pra sementar de pan centeo, roturando espazos de monte en rotación, por tódolos pobos.


O mosteiro de Monterramo explotaba directamente o monte por medio de grañas, roturando; ou indirectamente aforando terras por aparcería, xa dende a segunda metade do séc. XII.

Era ademáis o estrume con que estra-las cortes, de que se faguía o mellor abono pras terras a sopé da serra.

Sobre todo a gandeiría, mormente de vacuno, caprino e *ovegino*. Dende a Edade Media foi a Serra pasteiro de milleiros de cabezas de gado. Tanto que Jesús Ferro Couselo (30) califica a Serra de San mamede de unha especie de «mesta maior».

Dunha parte e doutra da Serra, eran centas as cabezas de facenda que aquí pastaban, quiazai máis abultada na parte de Monterramo, que tal sería sabendo que pola de Xunqueira de Ambía eran once as *malladas* de vacas que había.

Entre os vasalos de entrámbolos mosteiros, dunha e outra parte era frecuente a titapuxa por motivo de pastos nas estremas: «en razón del pacer, cortar, montear y labrar dentro de los puertos de Valería, Val Escuro y Cabarca de Val Escuro».



Solventouse a ccontenda mediante acordo das partes: «que cada cabaña durmiese en su jurisdicción y en que durante los meses de noviembre a abril no se pudiese hacer tapadas en los puertos».

Por mor de teren pastos frescos, cada ano se queimaba un bo anaco de monte. Semella ter sido máis intensa a acción pola parte de poludía, pois sobre Rebordechau as lombas amósanse de todo erosionadas.

Ò mosteiro de Monterramo concedéralle o rei Alfonso XI (Ib. 67) o privilexio de poder pastar a súa vacada e facenda nas chairas de Caldelas e da Limia cando pola invernia e neves houberse delo necesidade, sen que ninguén llo puidese estorbr.

Sabemos, por informe verbal de maiores, que no cabo oriental da Serra, somente en Camba, chegou a existir unha cabana de 3.000 cabezas de gado vacuno.

Algo de diferencia parece haber entre a política seguida polos dous mosteiros respecto ò monte. A parte de Monterramo chega deica a desamortización en maus do mosteiro., e impolada; a de Xunqueira de Ambía, en gran parte polo menos, fóralle dada òs veciños en foro no século XVI, e castigada do xeito que unha erosión extrema amosa.

Certo é que non é o mesmo a solana ò poludía do segundo, cò avisedo ò norte do primeiro.

Algo podemos ver polo Tumbo do Prior Luís Bermúdez (séc. XVI), epígrafe «Las vaquerizas del Coto de Cova Arnoya» (31).

«En este coto estaba la Vaqueriza del monasterio de Junquera de Ambía; coto en el que está incluído también el lugar de Rebordechau, en que a veces se mete ganado foráneo pagando tercia.

Este coto de Cova Arnoya es tierra larga y esteril, de poco provecho, porque los priores de descuidaron en poner recaudo que no destruyesen los montes y maderales, y al presente el prior veda y defiende que ninguna persona de fuera corte, ni haga madera dentro del dicho coto y sus términos, ni que los vecinos y vasallos la hagan para vender sin su licencia... y aforó los terminos del.»



Fig. 19 Elementos nas ruínas de San Mamede.



NOTAS

- (1) Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, nº 4, pag. 25-50
- (2) Diversarum Rerum, nº 5, p. 217-218
- (3) Viage de Ambrosio de Morales, año de 1765; Ed. facsimil, Oviedo 1977. p. 161.
- (4) Compendio historial, Fr. Pedro de Santa María, I, p. 242.
- (5) Arte Medieval, R.Izquierdo Ferrin, en Galicia, t.X, Ed. Hércules, Cor., p-111-119
- (6) F. Conde-Balbís Fernandez, «La capilla p.5)
- (7) Os Oestrimnios, os saefes e a Ofiolatría en Galiza, F. López Cuevillas e F. Bouza Brey, A.S.E. Galegos, t. II, 1929.
- (8) C.E.G., Tomo XXVI, fasc. 78, p.31-32.
- (9) San Mamed de Cesarea, Delfín Fernández Taboada, Ofm., Jerusalén, 1990.
- (10) Historia del célebre Sant. de N^oS^a de Iso Milagros, JM^a Mtnez.Pazos, Sgo, 1891, p. 143-146; Serra de San Mamede, Eligio Rivas Quintas, Our.,1993, p. 44-45)
- (11) O Tombo de Celanova, José M. Andrade Cernadas, Consello de Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1995, 2 tomos.
- (12) Ib. « nº 179, p. 247-8; Ib. nº 218, p. 310
- (13) Ib. « nº 509, p. 704
- (14) Ib. « nº 510, p. 705
- (15) Ib. « nº 497, p. 689
- (16) Lingua Galega. Nivéis primitivos, Eligio Rivas Quintas. Ed. Laivento, Santiago de Compostela, 1994, p.45-48; 76-78.
- (17) O Tombo de Celanova, nº 568, p. 784-5
- (18) Ib. « nº 173, p. 241-2
- (19) Ib. « nº 511, p. 706-707
- (20) Celanova ilustrada, Fr. Benito de la Cueva (s.XVII), Ed. Duen de Bux, 2007, Ourense, pax. 65, 89-90.
- (21) Bracara Augusta, XXI, p. 207. Jesús Ferro Couselo.
- (22) O Tumbo de Celanova, nº 478, p. 662-4
- (23) Ib. nº 235, p. 331.
- (24) El Monasterio de S.Pedro de Rocas, E.Duro Peña, I.E.O, Orense, 1972, p. 29.33
- (25) Rudesindus, 2007, p.202 ss.
- (26) Porta da Aira, nº 13, p.52-53.
- (27) Monterramo, el poder monacal...,A.Cacharrón Mojón, Orense, 1988, p. 102ss.
- (28) Historia del Santuario de los Milagros, E. Rivas Quintas, 1983, p.41.
- (29) Serra de San Mamede, Op. cit., passim.
- (30) Petroglifos de Término, Jesus Ferro Couselo, Orense, 1952, p. 66
- (31) Ib. «, p. 219 (Apéndice).